

## Comunicado nº231/18 29 de novembro de 2018

### ❑ O KARTING GALEGO “A NIVEL MUNDIAL”:

O piloto silledense Christian Costoya, de oito anos de idade, atópase co seu equipo na cita mundialista de Conde-Paraíba (Brasil). Onte comezaron as primeiras xornadas para facelas grellas de saída.

A “Rotax Max Challenge” (Gran Finals) terá esta mañá a partir das 11.30 horas e as 14 horas, para facelos adestramentos.

O pasado luns sorprendeu a tódolos equipos con un impresionante segundo posto o termo da sesión, o que nos fai ter fé cega nas posibilidades de cara a un mundial que cada día gaña en intensidade participativa. Os inimigos a bater na “Rotax Max Challenge” (Gran Finals) son o polaco Obst Maksymillan, o croata Zelenko Leon, e o brasileiro João Pinheiro.

O xoven piloto galego tentará traer o título para a súa terra, e donde a “Federación Galega de Automobilismo” desexa o mellor para o equipo que dirixe Marcos Costoya.

### COMISIÓN GALEGA DE KARTING

